

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 23 DE FEBREIRO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Proxecto de Lei de montes de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o plan de emerxencia exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa, en Xove.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada actualmente denominada AC-861 e dun treito antigo da estrada actualmente denominada AC-862 a prol do Concello de San Sadurniño.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución pola que se convocan para o ano 2012 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a modificación do Plan Económico Financeiro Global para o ano 2012 da Sociedade Pública de Investimentos, S.A. (SPI-Galicia, S.A.).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se aproba o Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar de Vigo.
- Acordo polo que se encomenda o impulso dos procedementos de desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar en Vigo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre o seguimento do Plan de aforro e eficiencia enerxética nas administracións públicas en Galicia 2011-2013.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2012.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á convocatoria para o ano 2012.

## **A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE MONTES DE GALICIA, QUE CHEGARÁ AO PARLAMENTO CUN ALTO GRAO DE CONSENSO NO SECTOR**

- ***O principal obxectivo desta norma é establecer un réxime xurídico estable, que se adecue ao monte galego e que dea debida resposta ás demandas dos distintos axentes vinculados ao eido forestal e da sociedade galega en xeral***
- ***No proceso de exposición pública e de consultas no seo do Consello Forestal recolléronse diferentes achegas que permitiron mellorar a metade do articulado***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de montes de Galicia, que iniciará a partir de agora o seu trámite parlamentario ata a súa entrada en vigor como a primeira norma destas características da nosa comunidade. O seu principal obxectivo é establecer un réxime xurídico estable, que se adecue ao monte galego que se procura para o século XXI e que dea debida resposta ás demandas dos distintos axentes vinculados ao sector forestal e á sociedade galega en xeral. O visto e prace do Goberno galego chega tras o preceptivo ditame do Consello Económico e Social e logo de que o borrador da lei estivese a exposición pública.

En todo este proceso, o texto que a Xunta remite agora ao Parlamento acadou un alto grao de consenso entre os axentes do sector, a maior parte deles representados no Consello Forestal de Galicia. Responsables da Consellería do Medio Rural e do Mar mantiveron máis de 30 xuntanzas con 20 organizacións representadas neste órgano consultivo.

Ademais, no devandito período de exposición pública recibíronse un total de 345 achegas de 37 organizacións e persoas, o que supuxo que máis do 75% dos artigos do anteproxecto (son 170 en total) experimentasen algún tipo de modificación. Aproximadamente a metade do articulado sufriu cambios significativos.

### **Lei de alcance**

O alcance desta Lei de montes será significativo, xa que fornecerá a necesaria seguridade xurídica, tanto para propietarios (a inmensa maioría dos montes e terreos forestais galegos son de propiedade privada) como para aqueles que operen no sector, ordenando os aproveitamentos forestais con criterios técnicos, de tal xeito que permita optimizar as distintas actividades, sen menoscabo dos dereitos dos propietarios e os intereses colectivos da sociedade.

Trátase dunha lei relevante, xa que afectará dúas terceiras partes do territorio galego e regulará a xestión dos recursos forestais como a madeira, a biomasa forestal, os pastos, o mel, os soutos de castaña, entre outros, pero tamén o lecer, a paisaxe, o solo, ou a cultura forestal, servizos que se están a desenvolver a cotío nos montes galegos. Esta norma quere contribuír a poñer en valor o noso monte e facer da súa xestión unha fonte de recursos económicos para os produtores e silvicultores galegos e que, así mesmo,

manteña e conserve os nosos bosques como o ecosistema tan diverso e rico en especies e hábitats que é na actualidade. Neste sentido, constitúe un eixe fundamental da lei a loita contra o abandono do medio rural, posibilitando calquera uso produtivo legal do territorio, que poida manter ou incrementar a actividade no medio rural e investir a súa tendencia ao despoboamento.

O texto ten, ademais, como eixo vertebrador, a posta en valor do monte mediante a ordenación dos usos e recursos, pero mantendo unha política de incentivos e axudas públicas e eliminando trabas administrativas. Nesta liña consolídase a figura xurídica das agrupacións de propietarios (as Sociedades de Fomento Forestal, Sofor) e a reorganización voluntaria da propiedade do monte.

Ponse de manifesto que a gran maioría dos montes galegos son de propiedade privada e que, por tanto, corresponde aos seus titulares a súa xestión e aproveitamento. Dáselle, tamén, un tratamento singular á figura tipicamente galega dos montes veciñais en man común, pero advertindo que esta lei non desenvolve o seu réxime xurídico, por considerarse que debe manter, como ata o de agora, unha singularidade normativa específica acorde co seu réxime xurídico, no marco definido polo Estatuto de autonomía de Galicia. No contexto da posta en valor do monte, o borrador regula as porcentaxes de reinvestimentos para traballos forestais dos ingresos obtidos polo aproveitamento das diferentes producións. Así, establécense porcentaxes obrigadas de reinvestimento (de forma xeral o 40%).

### **Cambios de actividade**

No proxecto de lei teñen especial consideración os cambios de actividade forestal a agrícola e viceversa, na procura da consolidación das explotacións, favorecendo unha ordenación dos usos do territorio e compatibilizando as ditas actividades. Regúlanse os aproveitamentos e servizos que xeran os montes, con especial atención aos aproveitamentos de pastos en terreos forestais.

O texto da futura Lei de montes de Galicia afonda tamén nos procedementos e medidas dirixidas á prevención e loita contra pestes e doenzas forestais, establecendo medidas para a recuperación e restauración do solo e dos recursos hídricos.

Créase, ademais, o Sistema Rexistral Forestal de Galicia e un rexistro específico de masas consolidadas de frondosas autóctonas, favorecendo a xestión de formacións tan importantes e consolídanse foros de participación pública (caso do propio Consello Forestal, ao cal se suma a regulamentación de mesas sectoriais de produtos do monte entre as cales se salienta a Mesa da Madeira). Entre os puntos destacados desta norma salienta tamén a creación dun novo contrato temporal de xestión pública, especialmente orientado aos montes veciñais que precisen do impulso inicial necesario para acadaren unha adecuada xestión forestal sustentable.

**Melloras na loita contra o lume**

A norma aprobada hoxe polo Consello modifica diferentes artigos da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Estas modificacións manteñen o espírito da lei, pero organizan distintos aspectos para unha maior operatividade, mediante a clarificación das obrigas e deberes dos distintos actores implicados nesta tarefa.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DO DEPÓSITO DE LODOS VERMELLOS DE ALCOA**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto do Plan de Emerxencia Exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa, que recibiu o informe favorable na Comisión Galega de Protección Civil, na última reunión do 31 de xaneiro.

O obxecto do Plan é a organización das actuacións que deben ser desenvoltas no caso de rotura dun dos diques con que conta o depósito de lodos vermellos, co obxecto de minimizar os efectos dun posible accidente no ambiente. Este depósito de lodos vermellos serve de almacén de residuos sólidos, xerados do proceso de produción da fábrica de Alúmina a partir da bauxita.

O depósito está formado por dous diques de materiais soltos, e o vaso de lodos. É un depósito mineiro notablemente instrumentado e non existe ningunha presa nin dique augas arriba. O dique principal está formado por un núcleo principal de sábrego construído en sucesivos crecementos ata a cota máxima prevista de 100 metros. O dique de cola é un dique drenante formado por un corpo de sábrego e un tacón de escolleira para garantir a estabilidade ao esvaramento deses diques.

O Plan de Emerxencia Exterior de lodos vermellos contén o obxecto e o ámbito do Plan, o contorno das instalacións, as bases e criterios de planificación, a definición e planificación das medidas de protección, a estrutura e organización dos grupos que actuarán no caso de emerxencia, a operatividade do Plan en que se definen os distintos escenarios da emerxencia, conexión con outros Plans, e implantación e mantemento do plan de emerxencia.

A fábrica de Alcoa en Xove está afectada polo RD 975/2009, do 12 de xuño sobre xestión de residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, que establece a obrigatoriedade de dispor dun plan de emerxencia exterior naquelas instalacións de residuos mineiros que estean clasificadas como A.

Os plans de emerxencia exterior son elaborados pola Xunta de Galicia e teñen como obxectivo determinar os posibles riscos destas instalacións industriais e ter preparada a resposta adecuada para minimizar as consecuencias en caso de producirse un accidente. Unha vez sometidos ao informe da Comisión Galega de Protección Civil, son homologados pola Comisión Nacional de Protección Civil, e aprobados, como é o caso deste Plan de Emerxencia Exterior do depósito de lodos vermellos, polo Consello da Xunta de Galicia.

Os plans de emerxencia exterior son instrumentos que prevén todos os posibles riscos das instalacións industriais que superan un determinado nivel de substancias perigosas, de acordo co establecido nas directivas europeas (directiva SEVESO) e na normativa española.

Así mesmo, establece medidas de actuación ante estes riscos, que involucran a propia empresa, os medios de emerxencias das distintas administracións e á cidadanía que poida resultar afectada. Ademais, debe coordinarse cos plans de actuación municipal e cos plans de emerxencia interior que teñen as propias empresas.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE DOUS TREITOS DE ESTRADA NOS LUGARES DE PENA DA MEDA E CANCELO, A PROL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas toma esta decisión porque se trata de restos resultantes da correccións de trazado das estradas AC-861 e AC-862***
- ***A entrega completárase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade de dous treitos de dúas vías distintas a prol do Concello de San Sadurniño. O primeiro treito corresponde á estrada Vilalba- límite da provincia (AC-861) á altura do núcleo da Pena da Meda, na parroquia de Igrexafeita, o tramo que vai dende o punto quilométrico 41 + 610 ata o 41 + 780; e o segundo é o que se atopa no lugar de Cancelo na estrada Ferrol- límite da provincia (AC-862), no tramo comprendido entre o quilómetro 21 + 670 e 21 + 740.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade. O departamento que dirixe Agustín Hernández considerou axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que as devanditas vías son restos de estradas resultantes da corrección de trazado das estradas AC-861 e AC-862, os cales na planificación autonómica non son necesarios para conformar ningún eixo de articulación territorial.


O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquire características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

O Concello de San Sadurniño solicitou á Consellería de Medio Ambiente o cambio de varios tramos de estradas de titularidade autonómica. Con isto, a Dirección Xeral de Infraestruturas, en data 22 de agosto de 2011 e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formulou unha proposta favorable á transferencia da titularidade.

Así pois, o Concello de San Sadurniño deberá incorporar ao seu Plan de Estradas os treitos a que se refire este decreto, cuxa entrega se completará no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.



No seguinte mapa pode verse como o primeiro dos tramos é un treito antigo na marxe dereita da estrada actualmente denominada AC-861, que está xunto ao núcleo de Pena da Meda na parroquia de Igrexafeita.





O segundo tramo ubícase no treito antigo na marxe esquerda da estrada actualmente denominada AC-862, que está no lugar de Cancelo



## **O CONSELLO AUTORIZA UN COMPROMISO DE 2.4 MILLÓNS PARA AXUDAS PERIÓDICAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO BIENIO 2012-2013**

- ***A contía crece un 13% sobre a convocatoria do ano anterior***
- ***Reflicte o compromiso sostido e crecente da Xunta por ofrecer ás vítimas os recursos necesarios para favorecer a súa saída do ciclo da violencia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adquisición do compromiso de gasto plurianual para a convocatoria de axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, por un importe de 2.396.650 euros no bienio 2012-2013, que se distribúe nunha partida de 1.276.650 euros para este ano e 1.120.000 euros para o vindeiro exercicio.

A contía autorizada hoxe representa un incremento do 13% sobre a anterior convocatoria, que estivo dotada con 2.090.000 euros. Este crecemento das axudas ten un dobre valor cuantitativo e cualitativo, xa que, ao producirse no actual contexto de axustes económicos, pon de relevo o compromiso sostido e crecente da Xunta de Galicia por ofrecer ás vítimas os recursos necesarios para favorecer a súa saída do ciclo da violencia.

Esta liña de axudas está destinada a mulleres que se atopan nunha situación de dependencia económica do agresor, co obxectivo de garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica que lles permitan dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

A contía das axudas, que poden percibirse por un período máximo de 12 mensualidades, pode oscilar entre os 300 e os 800 euros mensuais, en función dos ingresos da beneficiaria, dos seus fillos ou fillas menores a cargo ou circunstancias de discapacidade, entre outros factores avaliábeis.

Unha vez autorizado o compromiso económico polo Consello, procederáse á inminente publicación no DOG da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convocan as citadas axudas periódicas para este ano.

## **A XUNTA APROBA O PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS, QUE SUPÓN UNHA CAPACIDADE INVESTIDORA DE 232 MILLÓNS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS**

- *O departamento cun maior volume de orzamento será a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que xestionará un total de 105,6 millóns de euros a través da SPI*
- *A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza disporá dunha partida de 84,5 millóns de euros para avanzar nos seus proxectos, en especial no ámbito das infraestruturas xudiciais*
- *Avanzarase no financiamento do treito III da terceira rolda da Coruña (enlace coa AC-14 nas Lonzas), ao cal se destinan 11 millóns de euros en 2012.*
- *Finalizaranse infraestruturas importantes como o treito I da Vía Ártabra, que conta este ano con preto de 6 millóns para rematar a obra, ou o treito III da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, que dispón dun total de 23 millóns de euros*
- *As contías da SPI permitirán desenvolver o plan de infraestruturas xudiciais en Pontevedra, A Coruña, e Vigo, cidade en que tamén será posible o desenvolvemento do Rexistro Civil*
- *Volve a consignarse a cantidade necesaria para a construción da Cidade da Xustiza de Vigo, aínda que condicionada á cesión dos terreos por parte do Concello*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan Económico Financeiro Global para o ano 2012 da Sociedade Pública de Investimento de Galicia (SPI), entidade que dende este exercicio depende da recentemente creada Axencia Galega de Infraestruturas. A través deste plan, a SPI Galicia xestionará máis de 231 millóns de euros, orzamento que se reparte entre diferentes consellerías e secretarías xerais coa seguinte distribución:

| <b>Consellería</b>                                             | <b>Importe<br/>(Miles de euros)</b> |
|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria   | 10.478,41                           |
| Consellería de Facenda                                         | 2.469,50                            |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas    | 105.693,28                          |
| Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 84.506,91                           |
| Consellería do Medio Rural e do Mar                            | 18.176,91                           |
| Consellería de Traballo e Benestar                             | 5.324,84                            |
| Secretaría Xeral para o Turismo                                | 1.050,64                            |
| Secretaría Xeral para o Deporte                                | 4.171,03                            |
| <b>TOTAIS</b>                                                  | <b>231.871,52</b>                   |

O departamento cun maior volume de investimento será a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cun total de 105,6 millóns de euros que servirán

para abordar, entre outras cuestións, novas actuacións en materia de seguridade viaria e conservación de estradas por un importe superior aos 15 millóns de euros.

Tamén se avanzará no financiamento do treito III da terceira rolda da Coruña (enlace coa AC-14 nas Lonzas), ao cal se destinan 11 millóns de euros en 2012, e se finalizarán infraestruturas importantes como o treito I da Vía Ártabra (NVI-enlace de Meirás e variante de Oleiros), que conta este ano con preto de 6 millóns de euros para rematar a obra, ou o treito III da vía de alta capacidade Tui-A Guarda (Goián-A Guarda), que dispón nas contas da SPI para 2012 dun total de 23 millóns de euros.

### **Infraestruturas xudiciais**

Con respecto á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, disporá dunha partida de 84,5 millóns de euros para avanzar nos seus proxectos, en especial no ámbito das infraestruturas xudiciais.

Por unha banda, continuará a execución das seguintes obras: novo edificios dos xulgados en Ourense, subministracións e instalacións da zona de control e rexistro no TSXG na Coruña, novo edificio xudicial en Santiago de Compostela, proxecto básico e de execución do edificio da antiga Fábrica de Tabacos na Coruña. Tamén se levará adiante a reparación de cubertas nos xulgados de Redondela, a nova sede do Rexistro Civil de Vigo, a rehabilitación do xulgado de Viveiro e o proxecto do novo edificio xudicial en Pontevedra, para inmediatamente proceder á súa construción en canto o Concello remate o trámite expropiatorio en que está inmerso. Así mesmo, volve a consignarse a cantidade necesaria para a construción da Cidade da Xustiza de Vigo, aínda que condicionada á cesión dos terreos, á que o Concello se comprometeu en repetidas ocasións e mesmo por escrito.

No ámbito de emerxencias e interior, contéplase o novo edificio de atención das emerxencias da Estrada e parques de bombeiros.

Na Secretaría Xeral para o Deporte dispónse de 4,17 millóns de euros para diversas obras de infraestruturas deportivas; a Consellería do Medio Rural e do Mar xestionará 18,1 millóns de euros fundamentalmente destinados á mellora de accesos e camiños rurais; na Consellería de Traballo e Benestar teñen dispoñibles 5,3 millóns de euros, e na de Cultura e Educación 10,4 millóns de euros.

### **Axencia Galega de Infraestruturas**

Cómpre lembrar que o Goberno galego levou a cabo unha profunda reestruturación dos distintos departamentos con competencias en materia de execución de obra pública, integrándoos na Axencia Galega de Infraestruturas, para cumprir coa política de aforro e para mellorar as sinerxías derivadas dunha mellor organización.

Así, a recentemente creada Axencia Galega, que asume a tutela funcional da SPI, disporá dun investimento para o ano 2012 de 632,13 M€, o que supón un incremento do 2,82% con respecto ao ano anterior.

A creación da Axencia Galega de Infraestruturas, que concentrará nun único centro directivo todas as obras de infraestruturas viarias, fundaméntase en tres principios básicos que son o da unidade de xestión e de actuación; os de funcionalidade, eficacia e eficiencia; e o de austeridade.

Coa Axencia Galega de Infraestruturas pretendeuse rematar coa anterior situación organizativa composta pola Dirección Xeral de Infraestruturas e os servizos de Infraestruturas dos departamentos territoriais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e por dúas sociedades públicas que dependían da Consellería de Facenda: a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A (SPI), e a Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense, S.A (Aceousa).

## **A XUNTA DE GALICIA ABRE Á CIDADANÍA O CAMPUS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DO MAR EN VIGO A TRAVÉS DUN PLAN SECTORIAL DE IMPULSO A ESTE ESPAZO COMO ESCAPARATE DA I+D GALEGA**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao programa de usos deste espazo situado nos terreos da antiga ETEA***
- ***O obxectivo é converter o campus nun centro internacional da I+d galega no ámbito mariño***
- ***O Plan busca integrar o barrio vigués de Teis-A Guía, contribuíndo á súa revitalización***
- ***As diferentes áreas do campus establécense con base en criterios de sustentabilidade ambiental e respecto aos valores patrimoniais e botánicos***

A Xunta de Galicia abrirá á cidadanía o Campus Científico-Tecnolóxico do Mar, na cidade de Vigo, co obxectivo de facer deste espazo un lugar para a investigación e a vida académica, de goce do litoral e da singularidade do seu valor cultural e paisaxístico. Así o establece o Plan Sectorial aprobado hoxe polo consello da Xunta, que aposta por converter os terreos da antiga ETEA nun centro de referencia e excelencia da investigación mariña a nivel internacional, ao tempo que procura a integración do barrio vigués de Teis-A Guía, contribuíndo á súa revitalización.

O obxectivo é acadar un espazo multidisciplinar, no cal se unan os usos sociais – asistenciais, culturais, deportivos, residenciais, entre outros- e os científicos, co fin de atraer a cidadanía cara a este campus, que se constituirá como patrimonio de todas as galegas e galegos.

Ademais o Consello da Xunta deu o visto e praxe á designación da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en substitución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como órgano competente para o impulso dos procedementos de desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico- Tecnolóxico Cidade do Mar en Vigo.

### **Escaparate internacional da I+D galega**

No eido tecnolóxico, o campus está pensado para ser un centro de referencia, con especial interese para Galicia, tanto desde a perspectiva da investigación como desde a perspectiva tecnolóxica de apoio ás empresas e de desenvolvemento e ensaio de tecnoloxías avanzadas para a investigación mariña.

Así, neste eido o programa de usos establecido no Plan artículase arredor de dúas grandes instalacións, por unha banda a Iniciativa Atlántica en Investigación e Tecnoloxía Mariña, do Consello Superior de Investigacións Científicas (IAITEM-CSIC); por outra, o Campus do Mar, da Universidade de Vigo

A Iniciativa Atlántica nace co obxectivo de se constituír como unha unidade de investigación con perspectiva interdisciplinar e transnacional, onde teñan acollida as capacidades científicas máis competitivas de Galicia no eido da I+D; ao tempo que permita facer unha aposta estratéxica para o desenvolvemento de capacidades singulares que se anticipen a necesidades e desafíos futuros.

Dependente do CSIC, concíbese como un campus científico artellado arredor de dúas unidades, nomeadamente o Centro de Ciencias Mariñas do Atlántico do CSIC (CCMA-CSIC), e o Centro de Tecnoloxías Mariñas do Atlántico (CTMA-CSIC), sostido nas actuais instalacións da Sede Atlántica da UTM-CSIC e dos buques de investigación oceanográfica do CSIC con base en Vigo.

Neste mesmo ámbito do CSIC, no cal se atenderán a investigación científica e tecnolóxica nas áreas das ciencias mariñas e de alimentos e biotecnoloxía mariña, desenvolveranse as instalacións do Laboratorio Comunitario de Referencia en Biotoxinas do Ministerio de Sanidade.

#### **Campus de excelencia internacional**

No marco do programa Campus de Excelencia Internacional, a Universidade de Vigo propón a localización na ETEA da Escola Internacional de Posgrao, as Instalacións de Servizos Centrais -Sede do Campus do Mar- e o Módulo Tecnolóxico do Mar.

Estes espazos nacen coa a dobre misión de promover a formación especializada en ciencia e tecnoloxía mariñas e a difusión social dos logros e desafíos das ciencias mariñas, proxectando á cidadanía o valor estratéxico do mar. Así mesmo prevese a localización neles das instalacións para a Unidade de Servizos Dixitais do Campus Dixital do Mar (DIGIMAR), o Centro de Datos do Mar (CEDAMA) e unha Sala de videoconferencia avanzada contemplados no Plan Estratéxico de Conversión a Campus de Excelencia Internacional.

No caso do Módulo Tecnolóxico do Mar, trátase dun espazo reservado no proxecto, flexible na súa planificación, xa que se irán construindo nel diferentes módulo de apoio tecnolóxico ao proxecto do Campus do Mar á medida que este se vaia desenvolvendo. Nunha primeira fase está prevista a construción nel da Unidade de Apoio a Campañas Oceanográficas e a Instalación de Ensaos Somerxidos.

Ademais, está previsto que o Instituto Español de Oceanografía traslade parte das súas liñas de investigación do Centro Oceanográfico de Vigo ás instalación da ETEA, coa localización de espazos de investigación, talleres e almacéns de material que se usa habitualmente a bordo dos buques de investigación.



### **Usos complementarios**

O Plan Sectorial determina o destino do antigo edificio Gauss da ETEA a usos socioculturais, cunha edificabilidade de 200 m<sup>2</sup> construídos. Entre os usos complementarios dos terreos cómpre, ademais, destacar o equipamento deportivo público -composto por polideportivo e campo de deportes-; e os espazos destinados a usos socio-asistenciais, socio-culturais, residenciais, servizos de xestión e innovación empresarial.

Doutra banda, haberá 7.625 metros cadrados destinados á potenciación do goce e uso público do litoral e á apertura da praia do Areal da Punta aos cidadáns.

### **Proxectos sectoriais**

A superficie total contemplada no Plan sectorial é de 58.000 metros cadrados, cunha superficie construída máxima prevista para as actividades científico-tecnolóxicas e as dos servizos directamente relacionados con elas de 34.550 metros cadrados.

O Plan estrutúrase en cinco proxectos sectoriais, dos cales cada un ordenará de forma pormenorizada cada un dos seus repectivos ámbitos, sempre tendo en conta a posibilidade de reutilización das actuais instalacións, ou a nova ocupación da súa actual posición. Así mesmo, procúrase -nomeadamente no que atinxe aos usos dotacionais e complementarios- unha distribución que responda a criterios de integración funcional e de afinidade de actividades, dispoñibilidade do espazo en relación cos requerimentos superficiais e posible integración na edificación existentes, sen prexuízo da súa adecuación funcional, considerando a localización daqueles de carácter máis representativo no contorno da praza de beiramar.

## **O PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA XUNTA ASPIRA A AFORRAR PRETO DE 100 MILLÓNS NOS PROXIMOS 10 ANOS**

- *A análise de 107 edificios públicos amosa un potencial de aforro de 68.000mwh/ano*
- *O obxectivo principal deste Plan é a optimización dos consumos e a redución dos custos enerxéticos da Xunta de Galicia, coas vantaxes ambientais que se derivan*
- *Os estudos reflicten que as medidas de aforro e eficiencia permitirían aforrar máis do 20% da factura e evitar a emisión á atmosfera de máis de 20.800 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano*
- *Na actualidade estase levando a cabo e iniciando una ducia de proxectos de aforro en diferentes organismos da administración*
- *Durante este exercicio implantaranse tamén sistemas de medición de consumo enerxético en catro edificios públicos con consumo superior a 8.000 MWh/ano*

A Consellería de Economía e Industria, en coordinación cos distintos departamentos autonómicos, está levando a cabo o Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética da Xunta de Galicia que, segundo os estudos realizados, aspira a aforrar preto de 100 millóns de euros, máis do 20% da factura enerxética, nos próximos dez anos. O dato reflíctese no estudo levado a cabo durante 2011, no cal se desenvolveron auditorías e diagnoses enerxéticas en 107 edificios públicos de diferentes usos –sanitario, administrativo, educativo, social e deportivo- coa finalidade de analizar o consumo de enerxía nos centros e propoñer medidas para a súa mellora.

Estas actuacións teñen como obxectivo principal a optimización dos consumos e a redución dos custos enerxéticos da administración autonómica, coas vantaxes ambientais que se derivan. Os estudos amosan un potencial de aforro de 68.000 MWh/ano, o que permitiría evitar a emisión á atmosfera de máis de 20.800 toneladas de CO<sub>2</sub>.

Durante este ano a Consellería de Economía, por medio do Inega, en colaboración con outros organismos da administración pública, está iniciando ou desenvolvendo unha ducia de proxectos de aforro e eficiencia enerxética en edificios definidos como prioritarios –polo seu potencial, instalacións e fontes de enerxía- para acometer as actuacións.

### **Galicia, pioneira en xestión de consumos enerxéticos**

Ademais, a posta en marcha das medidas permitirá avaliar os aforros enerxéticos acadados para poder replicar os proxectos noutros centros e optimizar os resultados. Entre os obxectivos finais do plan está a implantación dun sistema de xestión enerxética centralizado na Xunta de Galicia, que permitirá ter acceso aos principais datos enerxéticos. Con esta medida, a administración galega será pioneira no desenvolvemento de técnicas centralizadas de xestión de consumos enerxéticos para a totalidade dos seus edificios.

Durante o presente exercicio iniciarase tamén a implantación de sistemas de medición de consumos en catro edificios da Xunta cun consumo superior a 8.000 MWh/ano. Esta análise servirá como base para a realización dunha plataforma de control dos consumos enerxéticos, que recollerá os datos do centro de modo automático, elaborando informes de situación e permitindo a súa análise.

## **PRETO DE 5.100 PERSOAS DESEMPREGADAS BENEFICIARANSE DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN DOS PLANS DE COOPERACIÓN QUE CHEGAN AOS 64,8 MILLÓNS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe dous informes que dan conta tanto dos programas de cooperación coas entidades locais; como con organismos distintos da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro***
- ***Ambas as ordes serán publicadas no Diario Oficial de Galicia o próximo mes de marzo***
- ***Nesta convocatoria destacan como novidades a tramitación electrónica do proceso, co fin de axilizalo; e a maior implicación e compromiso das entidades na consecución da posterior inserción laboral das persoas beneficiarias***
- ***Mantense a posibilidade, no caso das entidades locais, da contratación anticipada, ata un máximo de dúas contratacións; así como tamén para os 12 membros dos Grumir***

Preto de 5.100 persoas desempregadas beneficiaranse este ano das axudas á contratación dos plans de cooperación, tanto cos concellos como con organismos distintos da local, universidade e entidades sen ánimo de lucro. En total, a Consellería de Traballo e Benestar destinará a esta iniciativa un total de 64,8 millóns de euros.

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous informes que dan conta destas dúas convocatorias, que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* no próximo mes de marzo. Prevese, por tanto, que as resolucións das subvencións estean rematadas antes do verán.

A través destes programas favorécese a contratación de traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Deste xeito, as persoas beneficiarias obteñen un posto de traballo, ao tempo que contan cunha experiencia e práctica profesional que poida facilitar a súa posterior inserción no mercado de traballo.

Para a convocatoria deste ano introdúcense diversas novidades entre as cales destaca a tramitación electrónica do proceso de solicitude, que permitirá axilizar a concesión das axudas; e a súa vinculación cunha inserción real no mercado laboral. Isto é, tanto concellos como entidades terán que implicarse na inserción laboral no mercado ordinario a un número razoable das persoas polas cales recibiron subvencións.

### **Plans de cooperación cos concellos**

En canto aos plans de cooperación cos concellos, este ano chegarán a unhas 4.000 persoas. Ademais da tramitación electrónica e da inserción dun número determinado de persoas, cabe destacar que neste eido continuarán os avances que xa se introduciron o ano pasado.

En concreto, débese salientar que se mantén a posibilidade –con autorización previa- de realizar ata dúas contratacións anticipadas para aqueles servizos que sexan de carácter urxente. Tamén se establece esta modalidade anticipada para a contratación dos 12 membros non permanentes dos Grupos Municipais de Intervención Rápida (Grumir).

Outro dos avances do ano pasado que se manteñen é a asignación mínima a cada entidade local solicitante en función do seu número de habitantes e de conformidade cunha serie de tramos para garantir que a totalidade dos concellos que concorran ás axudas reciban a correspondente subvención, sempre e cando presenten as solicitudes en tempo e forma e reúnan todos os requisitos exixidos. Ademais, establécese unha contía máxima subvencionable para cada entidade beneficiaria, que será equivalente, en número de contratacións, a 500.000 euros.

As axudas respectarán o equilibrio territorial e cada proxecto será aprobado atendendo a uns baremos obxectivos aplicados por unha comisión de valoración en cada provincia. Na orde tamén se introduce a obriga de realizar visitas de seguimento e control das axudas concedidas.

Por último, nesta orde terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como mulleres, menores de 30 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración, desempregados que esgotasen as prestacións ou subsidios, maiores de 45 anos e os colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

#### **Plans de cooperación institucionais.**

Con respecto á segunda convocatoria, a dirixida a órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, é preciso apuntar que beneficiarán unhas 1.100 persoas. Nesta convocatoria tamén, introdúcese a tramitación electrónica e a vinculación efectiva co acceso a un emprego dun número dos participantes.

As entidades deberán acreditar unhas condicións mínimas para demostrar que contan coa capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos proxectos á hora de efectuar as contratacións e para garantir a viabilidade dos proxectos.

Ambas as convocatorias permitirán contratacións de ata 9 meses de duración e poderán ampliarse ata os 12 meses, en determinados supostos.

#### **Plan de seguimento**

A Consellería de Traballo e Benestar desenvolverá ao longo deste ano preto de 200 visitas a concellos e entidades beneficiarias das axudas dos programas de cooperación para verificar *in situ* que a prestación dos servizos subvencionados coincide co proxecto presentado no seu día para optar a estas axudas.

As verificacións que se levarán a cabo este ano duplicarán as que se realizaron en 2011, seguindo a liña da Unión Europea que establece intensificar máis o controis das subvencións que se outorgan.